

DECRETO DE ALCALDÍA

Expediente núm.: 490/2026

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Subvencións por Concorrenza Competitiva

Asunto do Expediente: Convocatoria axudas estudantes curso 2026/2027

O Alcalde acorda o seguinte:

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Proposta de bases de axudas a estudantes para o curso 2026/2027 do Concello de As Somozas realizadas pola traballadora social do concello

Retención de crédito na aplicación orzamentaria 320.480.00 por importe de 12.000,00 euros

Lexislación aplicable e consideracións xurídicas:

Lei 7/1985 de 2 de abril de bases de réxime local

Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, que habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia no que se establece no seu artigo 8, a competencia local para realización de programas relacionadas coas familias

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003

Vista a proposta de resolución PR/2026/446 de 21 de agosto de 2026 fiscalizada favorablemente con data de 21 de agosto de 2026.

En virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

RESOLUCIÓN

Esta alcaldía acorda:

Primeiro: Aprobar as bases de axudas a estudantes para o curso 2026/2027, para facilitar o acceso á escolaridade e educación a todos os niveis educativos da veciñanza do Concello de As Somozas, entendendo que o acceso á educación é primordial para evitar situacións

DECRETO
Número: 2026-0380
Data: 21/08/2026

Cod. Validación: 39REQ44KXX4GGJUN39WCKSRG
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 9



de risco de exclusión social así como a promoción e acceso á cultura como un paso importante para asegurar o acceso igualitario a tódolos niveis de ensinanza das persoas máis vulnerables.

Segundo: Publicar na Base Nacional de Subvencións as Bases de axudas para estudantes para o curso 2026/2027, iniciando o prazo de solicitude o día seguinte da publicación das bases no BOP e rematando o prazo o día 30 de setembro de 2026.

ANEXO:

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A FAMILIAS PARA MATERIAL ESCOLAR PARA O CURSO 2026/2027 DE EDUCACIÓN INFANTIL, EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, FP BÁSICA, BACHARELATO, E PARA GASTOS DE DESPRAZAMENTOS PARA ESTUDANTES DE CICLOS MEDIO OU SUPERIOR E ESTUDANTES DE GRAOS UNIVERSITARIOS

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria pública en concorrencia competitiva para a concesión de axudas destinadas a adquisición de libros de texto e/ou material escolar complementario, co fin de promover o principio e igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar ás familias para facer fronte aos gastos derivados da escolarización dos seus fillos e fillas matriculados nos cursos de Educación Infantil e Educación Primaria, ESO, FP Básica e Bacharelato; e para gastos de desprazamentos para estudantes de ciclos medio ou superior e de graos universitarios, todo nos termos establecidos no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, na Lei 38/2003, do 7 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1.-Obxecto da convocatoria.

1.1 O obxecto destas bases consiste en regular as normas polas que rexerá a convocatoria pública de axudas a estudantes de Educación Infantil, Primaria, Secundaria, FP Básica e Bacharelato a conceder polo Concello das Somozas para compra de libros e/ou material escolar e complementario que sexa necesario para a actividade escolar. Os conceptos específicos que se subvencionan son:

- Libros escolares (incluídos os dicionarios)
- Libros de lectura necesarios durante o curso escolar.
- Material funxible (bolígrafos, cores, libretas, folios, rotuladores, tesoiras, gomas, afialapis, carpetas, pegamento, lapis, pinces, material de debuxo, instrumento musical, etc.) necesario para a actividade escolar.
- Mochila, estoxo e neceser. (O importe máximo neste concepto non será superior ao 50% da axuda concedida).

DECRETO
Número: 2026-0380
Data: 21/08/2026

Cod. Validación: 39REQ44KXX4GGJUN39WCKSRG
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 9



- Material e libros específicos para o alumnado con necesidades especiais.
- Material informático: tinta impresora, pen drives.
- Material deportivo: roupa e calzado destinados única e exclusivamente á práctica de exercicio físico, nomeadamente chándales, camisetas deportivas, pantalóns de deporte e calcetíns deportivos e tenis.
- Material incluído na listaxe de educación infantil distinto do material funxible (toallitas húmidas e panos).

1.2 No caso de estudantes de Ciclos Medio ou Superior e estudantes de Graos Universitarios, o concepto específico que se subvenciona é o de desprazamentos.

En todos os casos anteriormente citados as ensinanzas deberán ser en centros públicos e con carácter presencial.

O orzamento máximo para as devanditas axudas é de 12.000 euros con cargo á partida orzamentaria 2026.320.480.00

As axudas concedidas en virtude da presente ordenanza serán compatibles con calquera outra que se poida percibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do material escolar subvencionado.

2.-Persoas beneficiarias.

Poderán solicitar esta subvención as persoas físicas pai, nai, titor/a ou familias acolledoras de un/unha ou varios/as menores. Estudantes maiores de idade que cursen algún dos niveis indicados.

No caso de estudantes de bacharelato ou ciclos formativos e graos universitarios non poderán superar os 25 anos de idade nin ter rendementos de traballo superiores a 5.000 €

Aos efectos destas bases, considerarase unidade familiar: os núcleos de convivencia formados polos pais/nais ou titores, fillos/fillas menores de 18 anos, e fillos/as solteiros/as menores de 26 anos empadroados no Concello das Somozas e no mesmo domicilio, na data de publicación desta convocatoria. No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos proxenitores, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva cos fillos ou fillas.

Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable a/o nova/o cónxuxe ou parella de feito, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

Nos supostos de custodia compartida incluíranse ambos proxenitores dentro do cómputo da renda familiar.

DECRETO
Número: 2026-0380 Data: 21/08/2026

Cod. Validación: 39RE044KXX4GGJUN39WCKSRG
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 9



Noutros casos non recollidos neste apartado poderase requirir á Traballadora social que emita informe das circunstancias que considere de interese da unidade familiar

2.1.-Requisitos das persoas beneficiarias**. **

* Estar empadroadas/os no Concello das Somozas polo menos un dos pais ou titores legais así como as/os alumnas/os para os que se solicite a axuda. No caso de alumnas e alumnos maiores de idade será suficiente con que estea empadroado no Concello o estudante que solicita a axuda.

A solicitude será formulada por pai, nai, titor/a da/o alumna/o cando sexan menores de idade. No caso de estudantes maiores de idade deberán tramitar a solicitude ao seu nome.

A/o alumna/o debe ter escolarización durante o curso escolar 2026/2027 nalgún dos niveis descritos nun centro de ensinanza pública.

No caso de estudantes de ciclos medios ou superiores e graos universitarios deberán cursar os seus estudos en centros públicos de ensinanza e con formación totalmente presencial.

*Non ter débedas co Concello das Somozas nin con calquera administración pública.

*Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007.

* Non superar os ingresos, en particular a suma das bases impositibles do IRPF (recadros 435+460) dos membros que integran a unidade familiar. que establece o baremo económico seguinte :

Número de membros da unidade familiar	Límite de renda anual familiar
Unidade familiar de 2 membros	3,5 x IPREM (29.400 €)
Unidade familiar de 3 membros	4,5 x IPREM (37.800€)
Unidade familiar de 4 membros	5,5 x IPREM (46.200 €)
Unidade familiar de 5 membros	6 x IPREM (50.400 €)
Unidade familiar de 6 membros	6,5 x IPREM (54.600 €)

- Si a/o alumna/o para a/o que se solicita a axuda ten recoñecida pola Xunta de Galicia un Grao de Discapacidade igual ou superior a un 33% recibirá a contía máxima correspondente ao curso no que está matriculado e non haberá límite de ingresos.

3. Procedemento da solicitude.

3.1.- Lugar. As solicitudes presentaranse xunto coa documentación correspondente no Rexistro Xeral do Concello ou na Sede Electrónica do Concello das Somozas, utilizando o formulario específico desta convocatoria.

DECRETO
Número: 2026-0380
Data: 21/08/2026

Cod. Validación: 39REQ44KXX4GGJUN39WCKSRG
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 9



****3.2.-**Prazo.** As solicitudes poderanse presentar dende o día seguinte á publicación destas bases no BOP e ata o 30 de setembro de 2026.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e archivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.3.- Documentación a presentar:

****3.3.1.-****Para alumnado de Educación Infantil, Primaria ,ESO, FP Básica, e Bacharelato :

- 1.- Solicitud segundo o modelo establecido.
- 2.- Fotocopia do D.N.I. do/a solicitante, parella ou cónxuxe e fillos/as.
- 3.- Fotocopia do/s Libro/s de Familia (completos).
- 4.- Declaración do IRPF do exercicio 2025 (completa) do/a solicitante e cónxuxe/parella. E en todo caso no establecido no artigo 2 destas bases. No caso de non presentala, Certificado de Imputacións de Rendas expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- 5.- Xustificante da matrícula do curso 2026/2027, ou certificado do Centro Educativo.
- 6.- Declaración do conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas para a dita finalidade das distintas administracións públicas ou organismos privados competentes, segundo o modelo establecido.
- 7.- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e de non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello das Somozas, segundo o modelo establecido.
- 8.- Se é o caso, documentación acreditativa da ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores: familia monoparental (con certificado acreditativo), separación/divorcio, viuvez, orfandade, etc.
- 9.- Certificación bancaria do número de conta onde se vaia facer o ingreso da axuda concedida, terá que ser titular a persoa solicitante. (IBAN)
10. Certificado de discapacidade da/o alumna/o para a que se solicita a axuda.

DECRETO
Número: 2026-0380
Data: 21/08/2026

Cod. Validación: 39REQ44KXX4GGJUN39WCKSRG
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 9



3.3.2.- Para estudantes de ciclos medio ou superior e graos universitarios:

1.- Solicitude segundo o modelo establecido

2.- Fotocopia do D.N.I. do/a solicitante resto de membros da unidade de convivencia.

3.- Declaración do IRPF do exercicio 2025 (completa) do/a solicitante e cónxuxe/parella.; e en todo caso no establecido no artigo 2 destas bases. No caso de non presentala, Certificado de Imputacións de rendas expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria

4.- Xustificante da matrícula do curso 2026/2027 ou certificado do Centro Educativo. No caso de estudantes de segundo curso e sucesivos, xustificante de ter aprobado a lo menos o 80 % das materias ou créditos nos que se matriculara o curso anterior.

5.- Certificación bancaria do número de conta onde se vaia facer o ingreso da axuda concedida, terá que ser titular a persoa solicitante. (IBAN)

6.- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e de non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello das Somozas, segundo o modelo establecido.

NOTA.- As persoas solicitantes deberán achegar só os orixinais dos documentos, realizándose no Rexistro Municipal copia de ditos documentos no momento de presentar a solicitude.

4.- Contías das axudas. O importe total das axudas non poderá superar o importe total consignado no presuposto municipal na aplicación orzamentaria 334.480,00 por un importe global de 12.000 €. No caso de que a cantidade total exceda do importe consignado realizarase unha minoración proporcional na contía de todas as axudas concedidas .

4.1.- Para alumnado de Educación Infantil, Primaria ,ESO e FP Básica

Ata a metade do límite de renda marcado para cada unidade familiar (según a táboa do punto 2), a axuda será de 200 euros.

Entre a metade e o máximo permitido para cada unidade familiar (según a táboa do punto 2), a axuda será de 100 euros.

Número de membros da unidade familiar	Ata a metade do tope (200€)	A partir da metade ata o máximo permitido (100€)
2 membros	Ata 14.700 €	Máis de 14.700 € e ata 29.400 €
3 membros	Ata 18.900 €	Máis de 18.900 € e ata 37.800 €
4 membros	Ata 23.100 €	Máis de 23.100 € e ata 46.200 €
5 membros	Ata 25.200 €	Máis de 25.200 € e ata 50.400 €



6 membros	Ata 27.300 €	Máis de 27.300 € e ata 54.600€
-----------	--------------	--------------------------------

4.2.- Para Bacharelato Ata a metade do limite de renda marcado para cada unidade familiar (según a táboa do punto 2), a axuda será de 250 euros.

Entre a metade e o máximo permitido para cada unidade familiar (según a táboa do punto 2), a axuda será de 125 euros.

Número de membros da unidade familiar	Ata a metade do tope (250€)	A partir da metade ata o máximo permitido (125€)
2 membros	Ata 14.700 €	Máis de 14.700 € e ata 29.400 €
3 membros	Ata 18.900 €	Máis de 18.900 € e ata 37.800 €
4 membros	Ata 23.100	Máis de 23.100 € e ata 46.200 €
5 membros	Ata 25.200 €	Máis de 25.200 € e ata 50.400 €
6 membros	Ata 27.300 €	Máis de 27.300 € e ata 54.600€

4.3.- Estudantes de ciclos medio ou superior e graos universitarios

Para estudantes de graos universitarios e de ciclos medio ou superior que non superen os límites de renda establecidos na táboa do punto 2, a contía que se concederá será de 500 € e 300 € respectivamente.

5.- Obrigas dos/as beneficiarios/as.

Son obrigas dos/as beneficiarios/as:

- Presentar debidamente cuberta a documentación requirida no prazo sinalado.
- Xustificar ante o Concello das Somozas o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a finalidade que determine a concesión da subvención.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello das Somozas.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando canta información lles sexa requirida no exercicio de ditas actuacións.
- Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.

DECRETO
 Número: 2026-0380
 Data: 21/08/2026

Cod. Validación: 39RE044KXX4GGJUN39WCKSRG
 Corrección: https://assomozas.sedelectronica.gal/
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 9



- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS.
- Que as/os menores de 16 anos estean debidamente escolarizados e non teñan aberto expedientes por absentismo escolar. (O Concello pode requirir aos solicitantes que xustifiquen este punto con informes ou certificados do centro educativo)

6.- Procedemento.

- A instrución do procedemento corresponderalle á Comisión Avaliadora, que estará constituída polo Alcalde, ou concelleiro en quen delegue, que actuará como presidente; a/o Secretaria/o-Interventor/a ou funcionario/a en quen delegue, que actuará como secretaria/o e a Traballadora Social ou empregado público en quen delegue, que deberán avaliar as solicitudes presentadas e requirir as subsanacións que procedan para que as mesmas cumpran os requisitos esixidos nas presentes bases. O prazo será de dez días improrrogables; no suposto de que os defectos se consideren non subsanables, o órgano instrutor proporá a inadmisión.
- Avaliadas as solicitudes, emitirase proposta de resolución na que se indicará a concesión ou non e a contía da axuda.
- O Alcalde resolverá sobre a concesión ou denegación das axudas .A resolución conterá a relación dos beneficiarios e os importes das axudas, así como as solicitudes desestimadas coa motivación que proceda.
- A Resolución provisional de concesión publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal unicamente co número do documento de identidade que as persoas solicitantes puxesen na súa solicitude, concedéndose un prazo de 10 días naturais para presentar alegación e/ou emendar documentación.

Nesta listaxe provisional reflectiranse tódalas solicitudes: as completas, as denegadas e as pendentes de emendar documentación, advertindo neste último caso que, de non corrixir os erros da documentación no prazo estipulado, quedarán denegadas.

- A resolución definitiva que se adopte e as listaxes de solicitudes concedidas e denegadas serán así mesmo publicadas na mesma forma que a resolución provisional. A publicación da resolución neste procedemento substituirá ás notificacións persoais, tendo os mesmos efectos ao contar co contido esixido no artigo 45 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

7.- Xustificación e pago.

1. Unha vez publicada a resolución coa concesión definitiva, as familias e/ou persoas beneficiarias terán un prazo máximo de 20 días naturais para xustificar as axudas concedidas.

DECRETO
Número: 2026-0380
Data: 21/08/2026

Cod. Validación: 39REQ44KXX4GGJUN39WCKSRG
Corrección: https://assomozas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 9



2. Documentación xustificativa.

A documentación que haberá de presentarse para a xustificación é a seguinte:

- Relación dos gastos e facturas por importe igual ou superior ó conxunto de tódalas axudas concedidas, no caso de alumnado de Educación Infantil, Primaria, ESO, FP Básica, Bacharelato (modelo nos anexos)
- Facturas xustificativas dos gastos realizados en concepto de libros e material escolar, material funxible, mochilas, material informático, e deportivo. Na factura deberá figurar: núm. de factura, data de emisión, razón social, enderezo, CIF da empresa, descrición dos conceptos e importes e nome e apelidos do cliente que deberá coincidir coa persoa solicitante e beneficiaria da axuda.

Serán admitidas facturas emitidas a partires do 1 de xullo de 2026

No caso de estudantes de ciclos medio ou superior e graos universitarios, presentarán declaración responsable de que se desprazan aos seus centros educativos polos seus propios medios de desprazamentos.

- Rematado o prazo para a xustificación, comprobada a documentación aportada e que foi cumprido o obxecto para o que foi concedida a axuda, procederase ao pagamento.

8.- Confidencialidade.

Segundo o disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no artigo 6.3.f da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, garantiráselle ás persoas usuarias dos servizos sociais o dereito "á confidencialidade, ao sxiilo e ao respecto con relación aos seus datos persoais e coa súa información que sexa coñecida polos servizos sociais en razón da súa intervención profesional...".

9.- Publicidade.

O Concello das Somozas dará publicidade da presente convocatoria na BNDS, no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

DECRETO
Número: 2026-0380
Data: 21/08/2026

Cod. Validación: 39REQ44KXX4GGJUN39WCKSRG
Corrección: <https://assomozas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 9

